

LA PELÍCULA DE NUESTRA VIDA

[Enrique Baró, 2016]

250

ESTREA EN NUMAX: 23.06.2017 | V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

La película de nuestra vida (2016, 81')

Dirección: Enrique Baró

Guión: Enrique Baró

Elenco: Teodoro Baró, Francesc Garrido, Nao Albet

Son: Carlos Faruolo, Amanda Villavieja

Montaxe: Enrique Baró, Josetxo Cerdán

Dirección de arte: Rafa Rojas-Díez

Fotografía: Carlos Vázquez Méndez

Música: Joe Crepúsculo

Produtoras: Playtime Audiovisuales (España)

Distribuidora: Márgenes Distribución

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Catalán

PREMIOS E FESTIVAIS

Sevilla 2016 (Nuevas Olas),
Festival D'Autor de Barcelona
(Mención Especial do Xurado
da Crítica), Documenta Madrid
2017 (Competencia nacional)

SINOPSE

«La canción del verano, la canción de nuestra vida, como un rayo que atraviesa las heridas» que cantaba Joe Crepúsculo transfigúrase en filme de verán, a historia de varias vidas que se contan a si mesmas. Unha casa de veraneo, gravacións domésticas, cancións, nas que o director tira da súa familia para contar a súa propia vida, nunha historia que empezou en 1950 e que hoxe calla con humor, formas mutantes e emoción xenuína.

«Enrique Baró encontrou na súa familia un material de incalculábel valor para barallar as cartas do tempo e ollar, docemente, o pasado»

Pere Vall, FOTOGRAMAS



LA PELÍCULA DE NUESTRA VIDA

[Enrique Baró, 2016]

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Notas do director

«Cada xeración se pregunta estrañada: quen son eu? E que foron os meus antepasados? Sería mellor preguntar: onde estou eu?; e que supuxese que os seus antepasados non foron doutro xeito, senón que simplemente viviron noutro tempo» [Robert Musil, *El hombre sin atributos*]

En 1950 o meu avó merca un terreo nas aforas de Barcelona, onde constrúe unha casa e planta un abeto. / En 1972, meus pais intálanse na casa construída polo meu avó, e nace a miña irmá maior. Durante os anos 90, a casa convértese nun refuxio para os días festivos da xeración máis nova. / En 2004, morre o meu avó e, en 2009, unha treboada leva por diante o abeto. Meu pai empeza a falar da conveniencia de vender a casa. En 2014 empeza a rodaxe de *La película de nuestra vida*.

«Non se me ocorre unha idea máis próxima ao paraíso que o verán»

Entrevista con Enrique Baró
Por Aída Antonino i Queralt

Como é que un fotógrafo de escena decide dar o salto á dirección de longametraxes? *La película de nuestra vida* é un proxecto que tiña en mente porque a casa é o lugar onde pasei os veráns cando era pequeno. Mercouna o meu avó e agora ao sermos cinco netos comezamos a falar de vendela. É un lugar que vai desaparecer e quixen

rebelarme contra esa idea, pero no canto de lembrar os intres felices alí vividos decidín vivir novas experiencias. Atopei as imaxes familiares de arquivo e a partir de aí deseñei unha mínima dramaturxia para unir o pasado co presente. Non se me ocorre unha idea máis próxima ao paraíso que o verán, de aí esa aura paradisíaca e de ensoñación que caracteriza o filme.

No afán por revivir a experiencia da túa infancia na casa de verán converxen imaxes de diferente natureza que constitúen a narrativa do filme. O meu obxectivo principal era falar da transformación da casa a través do tempo. Polo que hai imaxes do arquivo familiar que funcionan como documentación do espazo: as gravadas polo meu avó en 9mm e medio e outras en Super 8 dos anos 70 gravadas polo meu pai. A miña intención foi colocar a cámara no mesmo lugar que a tiñan colocado cincuenta anos atrás o meu avó e meu pai e tentar achegarme á sensación capturada polas súas imaxes.

Outras imaxes están protagonizadas polo grupo de tres bailarinas que executan unha danza baseándose en clips de arquivo que eu lle daba á coreógrafa coa idea de estilizar os movementos do pasado. En canto ás secuencias protagonizadas polo especialista, cando era pequeno adoitaba imaxinar escenas difíciles de representar, polo que o especialista de cinema, que sempre me pareceu unha caste de bailarín de danza contemporánea, se move dentro desa dimensión imaxinaria actuando como a pantasma da historia.

A estas imaxes súmanselle unha cuarta en que asistimos á gravación dun clip onde as personaxes principais se esforzan por representar o intre da morte dun deles. Por que reproducen esta temática? A figura da morte está presente, aínda que de maneira chocalleira, como o outro, aquilo que vén despois dese paraíso que é o verán. Reivindicando a vida e a importancia de vivila. Ademais, representar calquera tipo de acontecemento da vida parécese moito á vida, en cambio o patetismo da morte é moi difícil de representar, de aí os intentos dos personaxes polo levalo a cabo. E de aí tamén a maraña entre documental e ficción.

Trátase dun filme moi persoal pero co título mostras certa vontade de facer partícipes aos espectadores. O xogo vén coa canción do filme, de Joe Crepúsculo, que funciona a modo de réquiem sumado á función do cinema como ferramenta para perpetuar os sentimentos. O personaxe do avó, meu pai na vida real, fala de cousas moi concretas, como a invasión das formigas voadoras, que dalgún xeito evocan a casa de verán á que iamos de pequenos. E de aí que persiga espertar esa lembranza nos espectadores xerando un verán nun só día. Ademais a vivencia da casa é moi importante, os actores aloxáronse alí durante a rodaxe polo que dalgún xeito a experiencia do filme tamén xerou lembranzas do lugar neles.

Publicado en www.encadenados.org
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

El hombre sin atributos,
Robert Musil. Six Barral, 2004

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

